



**PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO EN PRAZAS INCLUIDAS NA OEP DO ANO 2022 (BOP 120 DE 27/5/2022) APARTADO 1C- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)-**

<b>Nº PRAZAS CONVOCADAS</b>	<b>17</b>
<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS</b>
<b>RÉXIME XURÍDICO</b>	<b>AGROPACIÓNS PROFESIONAIS</b>
<b>SISTEMA SELECTIVO</b>	<b>LABORAL</b>
<b>ACCESO</b>	<b>CONCURSO</b>
<b>COTA</b>	<b>LIBRE</b>
	<b>16 COTA XERAL E 1 COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES</b>

**1. RESULTADOS PROVISIONAIS DA PROBA DE GALEGO (BASE XERAL 9)**

O Tribunal cualificador reuniuse para realizar a proba de galego recollida na base xeral 9, aos aspirantes convocados por resolución da Presidencia de data 17 de marzo de 2013 publicada no BOP núm. 066, de 21 de marzo de 2023 (todos da cota xeral), que non acreditaron estar en posesión do nivel de galego esixido na base específica 5.2 (CELGA 2), outorgando unanimemente as seguintes cualificacións:

Nº DE CONTROL	CUALIFICACIÓN (APTO/A-NON APTO/A)
01	APTO
02	APTO
03	NON APTO
04	NON APTO
05	APTO
06	APTO

A base xeral 9, parágrafo primeiro, sinala que a proba de galego é obrigatoria e eliminatoria, que se cualificará co resultado de apto/a ou non apto/a, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten ou que acaden o resultado de non apto.

En cumprimento do sinalado, o Tribunal acorda, por unanimidade, eliminar do proceso selectivo aos aspirantes cos números de control 03 e 04 por obter a cualificación de non aptos.

**2.- ALEGACIÓNS AOS RESULTADOS PROVISIONAIS DA PROBA DE GALEGO (Base xeral 9.1.7)**

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o día seguinte a publicación do presente documento na páxina web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público- RRHH), para presentación de alegacións.

No suposto de non presentarse alegación ou de non estimarse, continuarase o procedemento sen máis trámite.

**3.- CITACIÓN PARA APERTURA DE PLICAS AO OBTENTO DE COÑECER AS IDENTIDADES DOS ASPIRANTES**

Ao obxecto de poder continuar o procedemento selectivo, cítase ás persoas aspirantes que desexen comparecer a apertura do sobre que contén as tarxetas identificadora, o martes día 25 de abril de 2023, as 9 horas e 30 minutos no Salón Verde do Pazo Provincial.

	IV70XWXTF4443DUYBV6MIA3004	Fecha y Hora	19/04/2023 21:05:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70XWXTF4443DUYBV6MIA3004">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70XWXTF4443DUYBV6MIA3004</a>	Página	1/1

